

## ***¿COMO CREAR O MEU PROPIO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO?***

*Coñece que é un Centro Especial de Empleo e infórmate de cales son os requisitos para a súa posta en funcionamento.*

*Emprende dunha forma diferente apoiando a discapacidade.*

### ***Características e requisitos***

[Decreto 200/2005 del 7 de julio por el que se regula la autorización administrativa e inscrición en el Registro Administrativo de Centros Especiales de Empleo de Galicia](#)

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

#### Disposicións xerais

##### ***Artigo 1º.-Obxecto e adscrición do rexistro.***

1. O presente decreto ten por obxecto a regulación da autorización e inscrición nun rexistro administrativo especial dos centros especiais de emprego. Este rexistro estará adscrito á dirección xeral con competencia en materia de relacións laborais.
2. Os centros especiais de emprego están incardinados como equipamentos propios dos servizos sociais de atención especializada na área de actuación das persoas con discapacidade, no marco da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

##### ***Artigo 2º.-Concepto de centro especial de emprego.***

1. Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo por finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

A súa estrutura e organización debe axustarse aos das empresas ordinarias, sen prexuízo da súa función social e peculiares características. O seu cadro de persoal estará constituído polo maior número de traballadores con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo. En todo caso, como mínimo, o 70 por 100 do cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen para estes efectos o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

2. Consonte a Lei de integración social dos minusválidos e a normativa reguladora da relación laboral de carácter especial destes traballadores nos centros especiais de emprego, e para os efectos previstos no presente decreto, consideraranse como traballadores con discapacidade, aquelas persoas que teñan recoñecido polo órgano competente un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento.

#### Autorización e inscrición dos centros especiais de emprego

#### ***Artigo 3º.-Requisitos para súa posta en funcionamento.***

1. A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego requirirá autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, que será outorgada pola dirección xeral competente en materia de relacións laborais logo de solicitude do interesado e acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

2. Os centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios. A creación dun novo centro de traballo por titulares de centros que figurasen inscritos, requirirá a súa autorización e inscrición a través do procedemento previsto neste decreto.

A posta en funcionamento ou recoñecemento de centros especiais de emprego creados pola Administración local requirirá autorización administrativa nos termos previstos neste decreto. A documentación prevista na letra a) do número 1 do artigo 5º substituirase por certificación expedida polo secretario da entidade local, onde consten os acordos de creación do centro e de solicitude da autorización.

**Artigo 4º.-Requisitos para a autorización e inscrición.**

1. Poderán ser autorizados como centros especiais de emprego aqueles centros de traballo que cumpran os seguintes requisitos:

a) Acreditar a personalidade do titular do centro.

b) Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, para o cumprimento dos seus fins.

c) O seu cadro de persoal debe estar constituído por traballadores con discapacidade, en número non inferior ao previsto no artigo 2, con contrato laboral formalizado por escrito conforme a normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.

d) Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise, no seu cadro de persoal.

2. Deberán acreditarse así mesmo as seguintes circunstancias:

a) A adecuación das persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal e dos postos de traballo, determinando as súas posibilidades de integración real e capacidade de traballo.

b) O centro deberá contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades do titular ou de persoas vinculadas por calquera título a este.